

Organiza:



Concello de **Touro**



igualdade
e diversidade
Touro

Programación de Nadal

Touro 2025

BOAS FESTAS!



Nadal Touro

2025/2026

Acendido de Nadal

Venres, 5 de decembro

A partir do 5 de decembro Fonte Díaz e as parroquias de Touro vestirán as súas mellores luces, coa instalación de máis arcos luminosos e novas propostas decorativas. Iluminación ornamental da Igrexa de Fonte Díaz e das capelas de Santa Cristina en Foxás, Coto en Loxo, Socorro en Prevediños e Santa Isabel en Beseño.



Monólogo de David Amor

Sábado 13 decembro. Ás 20:00 h. Casa da Cultura

Love está en el aire é o novo espectáculo do cómico e actor David Amor. Falará das súas novas inquietudes sen deixar de lado unha das súas últimas paixóns: os aeroportos.



Saída ao balneario de Cuntis

Martes 16 decembro

Saída ás 15:10 h dende o Concello

Inscripcións no departamento de Cultura ou no 981 504 029 ata unha semana antes de cada saída. Prezo 15€ por persoa.



Concerto de Nadal

Sábado 20 de decembro. Ás 13 h. Casa da Cultura

A Banda de Música Isabel II de Touro ofrecerá o seu tradicional concerto de Nadal.

3ª Papanoelada moteira

Sábado 20 de decembro

15:30 h Campo da festa de Fonte Díaz

Organizada polo Motoclub Motouro coa colaboración do Concello. Comezará ás 15:30 h coa recollida de alimentos non perecedoiros (iniciativa solidaria) e a ruta arrancará ás 16 h dende o campo da festa de Fonte Díaz. Imprescindible vir disfrazado de Papá Noel. Haberá chocolatada, premios e sorteos.



Espectáculo de Nadal e visita de Papá Noel

Sábado 20 de decembro

18 h Carpa do campo da festa de Fonte Díaz

De 18 a 19 horas terá lugar o espectáculo *Moto papi unha troula con Noel*.
19 h visita de Papá Noel e chocolatada.



Parque de Nadal

Domingo 21 decembro

De 10:30 a 14 h Campo da festa de Fonte Díaz

Haberá inchables e música.



Concilia de Nadal

Dende o 22 de decembro e durante as vacacións de Nadal

O Concello de Touro continúa apostando pola conciliación laboral e familiar. Sairá cartel específico con toda a información.



Contacontos: 'O Apalpador conta con vós'

Martes 23 de decembro

Ás 17 h Biblioteca Municipal de Touro

Neste espectáculo da man de Caxoto recibimos a visita do Apalpador para que nos conte quen é, cal é a súa orixe, a que se adica no seu día a día ... e o que é máis importante que consellos temos que seguir para que cando nos visite nos deixe unha presada de castañas e algún dos agasallos que el mesmo fai en madeira.



Buzón Real

A partir do 26 de decembro

Carpa do campo da festa de Fonte Díaz

Deposita as túas cartas para os Reis Magos.



III Torneo Solidario de Fútbol Sala

Vernes 26 decembro (a partir das 20 h) e sábado, 27 Pavillón Municipal de Touro

Entregarase un quilo de alimentos non perecedoiros por participante. As inscricións poden facerse ata o 23 de decembro ou ata cubrir as prazas a través do correo deportes@concellodetouro.gal ou do teléfono 981 504 029



Cotillón Infantil

Martes, 30 decembro. A partir da 17 h

Carpa situada no campo da festa de Fonte Díaz

Música, xogos, baile, cotillón, campanadas, fotomatón, obradoiros e gran fin de festa con canón de neve.



Festival de Reis

Luns 5 xaneiro

A partir das 10:30 horas. Percorrido dos Reis polas parroquias.

Na carpa situada no campo da festa de Fonte Díaz:

- 17:00 horas. Actuación do **magos CAYETANO LLEDÓ**
- 18:00 horas. Recepción dos **REIS MAGOS** e degustación de **rosca e chocolate**



Contacontos: Cinema marabillas

Venres 9 de xaneiro. 17:00 horas

Biblioteca Municipal de Touro

Raquel Queizás chega a Touro co seu contacontos *Cinema Marabillas. Ver para ler*. Falarase da amizade entre o cine e a literatura infantil e xuvenil.



Curso de cestería tradicional

Sábados 10, 17, 24 e 31 xaneiro

De 17 a 19:30 h. Casa da Cultura de Touro

Trátase dun curso de cestería tradicional para adultos. Inscricións do 15 ao 23 de decembro no departamento de Cultura ou no 981 50 40 29.



Saída ao balneario de Cuntis

Martes 20 xaneiro

Saída ás 15:10 h dende o Concello

Inscripcións no departamento de Cultura ou no 981 504 029 ata unha semana antes de cada saída. Prezo 15€ por persoa.



****Haberá cartel con máis información específica de cada actividade**